

Hoxe publicáronse as listaxes das primeiras adxudicacións de graos medios e superiores da Formación Profesional.

Para consultar se foron ou non convocados/as para a matrícula deben acceder co código persoal de consulta:

- [Información sobre como coñecer o código persoal de consulta.](#)
- Consultando nos pdf da primeira adxudicación. Lembren utilizar CTRL+F para acceder á busca no pdf do código persoal de consulta, xa que son centos de páxinas:
 - [Ligazón ao pdf da 1ª adxudicación a graos medios](#)
 - [Ligazón lista espera graos medios](#)
 - [Ligazón ao pdf da 1ª adxudicación a graos superiores](#)
 - [Ligazón lista espera graos superiores](#)

Lembren que teñen 3 opcións:

1. **Matricularse:** Neste caso aceptan a praza outorgada e saen do proceso de admisión.
2. **Renunciar:** Este caso só é posible se lle adxudican unha praza que non foi a primeira das opcións. Se renuncian, renuncian definitivamente a esa praza e ás que están por baixo en preferencia. Faise dende [ciclosadmission](#)
3. **Non facer nada:** Neste caso están comunicando que non lle interesa que acceda a estudos de FP. Decaen das listas, tanto na praza adxudicada como noutras inferiores e superiores en preferencia.

Deixamos ligazón tamén ao [calendario de admisión](#), a data de matrícula para as persoas convocadas na primeira adxudicación é ata o **24 de xullo ás 13:00h**. Lembramos que a adxudicación non supón a matrícula, deben formalizala no centro no que lle adxudicaron a praza (contacten telefónicamente para coñecer o procedemento e a documentación que deben achegar).

No caso de non seren admitidos ou renunciar á praza adxudicada, se quixesen acceder a bacharelato, deberán solicitar praza vía inspección educativa, xa que nos centros o prazo de matrícula xa está pechado.

Saúdos cordiais e boas vacacións.